



### **PROPOSTA DE BASES DO “VI CERTAME OUTONO DE TAPAS”**

A Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente do Concello de Sada xunto o sector hosteleiro e a agrupación “Eres de Tapas si...”organiza o VI Certame Outono de Tapas, co obxectivo de promocionar e potenciar o sector hosteleiro, a restauración e o turismo no municipio.

#### **1.-Ambito de participación:**

Poderá participar calquera establecemento adicado a hostalería e restauración do Concello de Sada.

#### **2.-Datos de celebración:**

Do 2 ao 4 de novembro de 2018 (a.i.)

#### **3.-Obxecto de participación:**

Cada establecemento participante poderá presentar a concurso un máximo de unha tapa, que deberá contar nos seus ingredientes principais con produtos típicos da comarca e de tempada . Os establecementos deberán dispor dos ingredientes suficientes con previsión a cada servizo durante os días que dure o certame, establecendo un prezo fixo obligatorio de un euro (1 €)por tapa servida (consumición a parte segundo PVP). Os establecementos poderán seguir ofrecendo as súas tapas ou pinchos de cortesía habituais, que non entraran na promoción do evento.

#### **4.-Inscripción:**

As instancias solicitando tomar parte no VI Outono de tapas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. O prazo de presentación de instancias será do 28 de setembro ao 8 de outubro de 2018 (a.i.) .

#### **5.-Difusión de material de participación:**

Unha vez pechado o prazo de inscrición o Concello de Sada difundirá e promocionará todo o relativo ao concurso, a través das redes sociais e outros medios de difusión.

O deseño do material correrá a cargo do persoal do concello . Deberán achegar , antes do 8 de outubro fotografía da tapa cunha resolución mínima de 640x640 px e máxima 2048x2048 px, preferiblemente en fondo branco e que non sobrepase os 4mb de peso en formato 1:1 ,vía whatsapp ou enderezo electrónico a [turismodesada@sada.gal](mailto:turismodesada@sada.gal). En caso de non poder achegar a fotografía deberá quedar claramente indicado a data de realización da mesma na ficha de inscrición. Os locais que non acheguen fotografía da tapa representaranse por unha foto xenérica do seu local.

#### **6.-Modo e período de participación.**

A tapa que se presente ao concurso deberá estar anunciada e exposta de forma destacada no establecemento do 2 ao 4 de novembro (a.i.), no horario de servizo proposto polos propios locais no momento da inscrición. O Concello distribuirá unha urna para a votación e unha cantidade suficientes de boletos que , a disposición da clientela, servirán para determinar a tapa gañadora do premio do publico. Os establecementos deberán ter exposto en lugar visible o cartaz anunciador do certame así como a urna de votación e os boletos . O Concello solicitará aos participantes unha estimación do núm. de papeletas necesarias para cada establecemento. Non se aceptaran papeletas fotocopiadas e no caso de ser insuficientes poderán solicitálas na concellería por medio de mensaxe de whatsapp, con antelación en horario de 10:00 a 14:00 h. . Núm. Tlf.: 638421054.

#### **7.- Modalidades de votación:**

- **Votación do público:** Toda vez que un cliente deguste unha tapa presentada a concurso o establecemento participante deberá entregarlle un boleto de votación para que o cubra, incluíndo os datos de contacto. Solo así será válida a participación. O boleto deberá introducirse na urna correspondente en calquera dos establecementos participantes durante o período de duración do concurso. No caso de non ter o selo do local a papeleta considerarase nula.

Para entrar no sorteos os clientes deberán cubrir con tres selos as papeletas de participación, que poderán ter un máximo de 2 selos por cada establecemento.

-**Votación do xurado:** O Concello de Sada, a través da Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente, e o grupo “Eres de tapas si...” propondrá un xurado integrado



por membros do sector, que deberán puntuar cada unha das tapas presentadas a concurso entre 1 e 5 puntos atendendo a : coidado e presentación, sabor, dificultade de elaboración, ingredientes propio da comarca utilizados, valor nutricional e valoración global, destacando sempre os ingredientes da tempada de outono.

- **Votación nas redes (Facebook):** O grupo “Eres de tapas si...” outorgará un premio especial ao local con mais mencións nas redes.

Para votar o cliente deberá facer unha foto da tapa nos locais que considere oportuno e compartilo no grupo. Este xesto será valorado con 3 puntos e cada gústame que reciba a foto outorgara 1 punto.

### **8.-Recollida de votos.**

O Concello de Sada a través do persoal designado para tal fin, recollerá os boletos de votación non utilizados e precintará e recollerá as urnas de votación dos establecementos participantes entre os días 5 e 8 de novembro.

### **9.- Resolución.**

O persoal designado polo Concello a tal fin será o encargado de recantar os votos totais emitidos en cada urna e recoller a decisión do xurado. O grupo “Eres de tapas si...” emitirá o fallo relativo ao seu galardón, baseado nos votos emitidos no seu grupo de Facebook.

Aquel establecemento que obteña a puntuación mais alta será o gañador absoluto do concurso en cada unha das modalidades. Os locais participantes poderán estar presentes durante o proceso de recuento oficial dos votos se así o solicita previamente. O resultado decidirse o día 9 de novembro do 2018. Todas as resolucións do concurso tras a votación serán inapelables e os premios non poderán quedar desertos.

### **10.- Premios.**

Establécense os seguintes premios: Para os locais participantes e para o publico:

Para os locais:

-Premio do público: puntuación total obtida do recuento de votos válidos. Recibirán trofeo e diploma honorífico. A tapa gañadora aparecerá na portada do Facebook de Turismo durante 7 días.

- Premio do xurado: Votado polo xurado segundo os criterios establecidos no apartado 7 das presentes bases. Recibirán trofeo e diploma honorífico. A tapa gañadora aparecerá na portada do Facebook de Turismo durante 7 días.

Para os clientes:

-Votos físicos emitidos nos locais: Sorteo de 5 vales por importe de 30 € para gastar nunha comida/cea (a escoller) nun dos locais gañadores en calquera modalidade do concurso.

-A través do grupo “Eres de Tapas si...”. Sorteo de 5 vales por importe de 30 € para gastar nunha comida/cea (a escoller) no local gañador do concurso de Facebook.

O día 12 de novembro ás 12:00 H farase entrega de tódolos premios no Salón de Plenos do Concello sito en Avda. Do Porto N° 24. No caso de que algún premio non sexa retirado nesta data quedará deserto. Por indicación expresa do xurado poderán outorgarse mencións especiais ou accésits.

### **11.-Aceptación das bases:**

A participación no certame implica a aceptación das presentes bases así como a súa resolución.

Sada, 26 de setembro de 2018.

Xosé Lois Suárez Becerra  
Concelleiro de P. Económica,  
Turismo e Medio Ambiente.

